

## Rosalía Viva! Viva Rosalía!

Amigas e amigos,

Recibide a nosa benvida a este lugar que é símbolo fundacional de noso.

Hoxe, arredor do aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, continuamos a celebrala, como a poeta fundadora da literatura galega contemporánea e a sentírmonos reflectidos, logo de máis de cento cincuenta anos, na voz colectiva da nación, expresada coralmente nos *Cantares gallegos*, onde o compromiso co seu pobo, posto en valor na lingua de seu, translocen o compromiso cunha realidade maior, para lle dar luz desde a dignificación cultural e social, abrindo en nós, neste presente bretemoso, a espiral da conciencia de xustiza para co pobo de noso e o seu futuro.

***Rosalía de Castro é unha fenda.  
Unha ferida aberta nas consciencias.  
A voz que sempre nos asombra.***

Os seus versos falan de nós, desde o antonte e o onte aprendidos até o hoxe en permanente construción; as súas palabras son fíos que cosen a memoria das costuras, son agullas que tecen o abrigo de quen teima en destecer, son dedais escudo que protexen da mentira e da infamia.

Penélopes tecedoras queremos ser con ela, da súa man guieira, para frear o paso atrás do boi canso e alancar sempre adiante, con pé chantado firme na terra que coñece e en que se recoñece, cara á dignidade que confere a capacidade de decidirmos que queremos ser na luz dos que, coma ela, foron.

***Querémola viva. Sabémola ceiba*** no preámbulo do Día de Rosalía, data oficial e referencial xa no noso imaxinario colectivo nestes últimos anos, inexplicabelmente eliminada do Calendario do Libro e da Lectura pola Consellería de Cultura e Educación a comezos deste 2014.

***Querémola viva. Sabémola ceiba*** no adro dunha nova xornada de mañá, 24 de febreiro, Día de Rosalía, que vestirá con galas de festa grande, entre flores e libros en galego para partillar, pronta para espallar, de man en man, de boca en boca, como semente de primavera, os seus versos e a súa iconografía viva en multitude de actos por toda a nación, desde A Coruña a Vigo, desde Lugo a Pontevedra, de Compostela a Moaña, da Estrada á Rúa de Valdeorras e Camariñas, de Valencia a Ferrol e Bruxelas...

A palabra e o pensamento rosaliano, *como auga limpa en fresca fonte*, ecoarán evocados nas voces e músicas de hoxe, graffiteados para nos muros, porque non a queremos cativa nos libros, como tampouco a queremos rea destes muros invisibilizadores, opacos, cómplices da súa desmemoria.

***Querémola pola rúa,  
nos barrios e nos arrabaldes,***

***nas aldeas e nas prazas,  
nas fachadas brancas dos edificios.***

Querémola libre como ela demandaba: *Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos e eles son a lei que rexe o meu destino.*

Convocamos hoxe a nación toda en San Domingos de Bonaval para lembrarmos non só unha personalidade altísima das nosas letras, senón a muller que nos abriu as portas, consciente do *grande atrevemento*, para entrar ao campo inmenso da literatura e da cultura galegas e, con ela, ás aspiracións a un outro papel histórico para a súa lingua e a súa patria.

Celebramos con vós o seu valor humano galego universal, que é símbolo de identidade como galegos e galegas dunha cultura milenaria e unha lingua orgullosa de seu, que ten un lugar imborrábel na historia popular e culta dos pobos que construíron a Europa.

Neste día tan simbólico, é de xustiza demandarmos para ela, a que *leva na fronte unha estrela e no bico un cantar*, un Panteón laico, aberto, de acceso público, para lle podermos levar flores, sen autorizacións previas, non só ao símbolo colectivo da nación, senón, e tamén, ao ser humano que é agasallado co cariño e respecto dos seus seres queridos, que somos todo o pobo galego que nela nos identificamos.

Saudámosvos fraternalmente, agradecidos, e reiteramos a benvida en nome do Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua galega.

*Mercedes Queixas Zas, secretaria xeral da AELG  
Bonaval, 23 de febreiro de 2014*